

Hai moitos verbos que en galego non son reflexivos. Estes son algúns dos que non se deben empregar con pronome reflexivo:

abrandar, adormecer, afrouxar, almorzar, apodrecer, apurar, atrasar, baixar, caer, calar, cargar, casar, cicatrizar, coller, comer, curar, deixar, demorar, desfondar, desinchar, dislocar, enfermarse, escapar, escordar, esperar, espertar, estreitar, fracturar, inchar, incrementar, marchar, merendar, morrer, parar, quedar, rachar, rebentar, recordar, rir, romper, sentar, sorrir, terminar, tropezar, xogar...

Son, polo tanto, incorrectas expresións deste tipo:

**escordeime un pé. Deberá ser: escordei un pé.*

Nas seguintes series hai unha incorrecta, localízala:

a) Peiteouse

b) Peiteou o cabelo

c) Peiteouse o cabelo

1. A incorrecta é a

a) Lavouse

b) Lavouse as mans con xabón de aloe vera

c) Lavou as mans con xabón de aloe vera.

2. A incorrecta é a

a) Caín da bicicleta

b) Caínme da bicicleta

c) Caín por burro.

3. A incorrecta é a

Solucións:

1-c, 2-b, 3-b